POESIAGALEGA.ORG
arquivo de poéticas contemporáneas na cultura

GAAP
GRUPO ALEA DE ANÁLISE POÉTICA

Palabras para presentar a obra poética de Francisco Vales Villamarín (Betanzos, 26 de maio de 2000)

Arturo Casas

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CASAS, ARTURO (2011 [2001]). "Palabras para presentar a obra poética de Francisco Vales Villamarín (Betanzos, 26 de maio de 2000)". *Anuario Brigantino*: 24, 473-482. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/126>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CASAS, ARTURO (2001). "Palabras para presentar a obra poética de Francisco Vales Villamarín (Betanzos, 26 de maio de 2000". *Anuario Brigantino*: 24, 473-482.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

Palabras para presentar a *Obra Poética* de Francisco Vales Villamarín

(Betanzos, 26 de maio de 2000)

ARTURO CASAS*

Sumario

Nestas páxinas desenvólvese unha contextualización histórica e unha breve caracterización da poesía de Francisco Vales Villamarín con motivo da compilación da súa producción lírica en linguas galega e castelá

Abstrac

These pages present the historical context and a brief analysis of poetry by Francisco Vales Villamarín owing to the compilation of his poems writen both in Galician and Spanish.

Excmo. Sr. Alcalde, señoras e señores, queridos amigos, constitúe para min un momento de gran satisfacción este de dirixirme a todos vostedes nun acto de homenaxe a don Francisco Vales Villamarín, quen, entre moitos outros méritos, foi fundador e primeiro director do *Anuario Brigantino*, secretario perpetuo da Real Academia Galega e Cronista Oficial de Betanzos. Xuntámonos hoxe neste nobre edificio do Arquivo, en compañía de familiares, alumnos, colaboradores e lectores seus, para presentar esta *Obra Poética* en dous volumes recompilatorios.

Quixera lembrar nesta salutación a miña condición de antigo viciño de Betanzos, e dicirlles de paso que non considero que ese sexa un dos episodios secundarios do meu humilde currículo. Aquí escribín os meus tres primeiros libros, un deles como poeta e os outros dous como editor e investigador da obra de Rafael Dieste. Gardo o mellor recordo da miña residencia nesta cidade entre os anos 1988 e 1992, e agradezo sincera e cordialmente aos organizadores do acto, moi en especial a Concepción Delgado, a súa invitación para estar hoxe en tan grata compañía.

As condicións nas que se desenvolveu a partir do Rexurdimento do XIX a cultura galega, e en especial ese sector da cultura que cabe catalogar como o libresco, o da intelectualidade, o da elaboración de textos, non foi, como todos sabemos, nada propicio. A Historia de España e a Historia de Galicia están atravesadas ao longo do último século por circunstancias que non favoreceron particularmente o asentamento dunha *intelligentsia*, duns homes e mulleres con capacidade de orientar e de ilustrar nos vieiros da razón, do coñecemento e do progreso aos seus concidadáns. E non pensen que me refiro unicamente á Guerra Civil e aos anos terríbeis da dictadura que logo viñeron. Non. Falo tamén desa ausencia de normalidade cultural causada polo feito de España non ter acadado unha organización político-administrativa como Estado suficientemente garante

*** Arturo Casas é doutor en Filoloxía Hispánica e profesor titular da Área de Teoría da Literatura e Literatura comparada da Universidade de Santiago de Compostela.**

das arelas de desenvolvemento das diversas nacións e culturas que conviven no territorio peninsular. Problema este que segue a estar pendente aínda hoxe, segundo a miña estimación.

Se esa normalidade existise algúns dos nosos grandes pensadores, artistas, novelistas e poetas poderían ter feito o que por definición lles correspondía facer. É dicir: pensar, crear, novelar, escribir versos. Pero non foi así, de xeito que unha marca caracterizadora das culturas *en proceso emerxente*, como agora se di, acabou por concretarse entre nós de xeito ben palmario. Esa marca foi a de que os máis significados intelectuais galegos deberon atender un número excesivo de misións e de funcións. Misións e funcións non só artísticas ou literarias senón antes ca iso, e no sentido máis fondo da palabra, *civís*.

A Otero Pedrayo, por poñer un caso, debémoslle unha obra historiográfica e antropolóxica inxente que se corresponde co seu oficio de profesor de ensino medio e ensino universitario. Pero el sentiu, como tantos outros, a necesidade de ir cubrindo outras parcelas e a iso dedicou enormes esforzos. A súa aportación como xeógrafo, como traductor, como novelista e dramaturgo, como crítico, mesmo como ideólogo e político, é fundamental para comprendermos a historia do país. Pero desa multiplicación de ocupacións, que é un signo identificador do labor dos intelectuais galegos ao longo do século XX —Risco, Castelao, Viqueira, Seoane, Cunqueiro, Ferrín e tantos outros— , derivan características non tan positivas. Entre elas, a dunha diversificación que a miúdo deriva nunha certa dispersión.

Don Francisco Vales Villamarín está marcado, segundo creo, por ese mesmo signo. E non deixa de ser un dato relevante que sexa hoxe, no ano 2000, canto esteamos a presentar os seus primeiros libros en galego, compilatorios de material literario datado na súa maior parte nos albores do século XX. Son en efecto os seus primeiros libros como tales. Non falo agora de folletos, ou de artigos de maior ou menor extensión. Non falo tampouco do seu labor como publicista, espallada en tantos sitios.

Esa peculiaridade da dispersión, da multiplicación de tarefas, demanda na situación actual —que non sendo óptima tampouco é tan negativa— que moitos dos nosos investigadores nos eidos cultural e literario dirixan a súa mirada ao vasto territorio da producción textual menor dos nosos escritores. E cando digo *menor* dígoo sen menosprezo, referíndome con iso precisamente aos textos moitas veces circunstanciais, soltos, non sometidos a unha planificación autorial decidida, dispersos en fin, elaborados ao longo dos anos, nunha dependencia ás veces absoluta en relación co momento histórico que se estaba a vivir. Pensarán vostedes, *pero esa dependencia sempre se dá*, ¿non anunciou acaso Goethe e refrendaron moitos outros pensadores e poetas que toda poesía é de circunstancia? Ben, en parte é así; pero eu estoume a referir en particular ao feito de que exista ou non unha articulación voluntaria e planificada do proceso creativo que pase cando menos polas seguintes estacións: 1) cuestionamento do feito da escritura: *¿por qué escribir?*, 2) cuestionamento do dato «eu en canto autor»: *¿por qué escribo eu?*, 3) cuestionamento da comunicación que se quere establecer: *¿para quén se escribe?*, e 4) cuestionamento da *res*, da materia da escrita: *¿sobre qué escribo?*

Fóra disto existe posibilidade de escrita, naturalmente, pero ficará nun grao ou nun chanzo puramente impulsivo, emocional, sincopado, a miúdo apenas lúdico, como pasatempo; o cal, por suposto, nunca sobra nin está mal de seu. E sería pertinente agora lembrar en qué medida, ao longo da historia da literatura, resulta recorrente a apelación por parte de importantes escritores ao descanso intelectual que para eles supuxo en certa

Francisco Vales Villamarín.
Foto do AMB tratada por Alfredo Erias.

altura da súa vida e da súa producción textual deterse para escribir obra menor, obra circunstancial, moitas veces ignorando incluso que sería por esa obra polo que a historia os recoñecería como grandes escritores.

Don Francisco Vales Villamarín foi na súa vida profesional sobre todo un mestre, un bo mestre, nada menos. Nado en 1891 en Betanzos, trasladouse en 1912 a Compostela para estudiar a carreira de Maxisterio, e a partir de 1917 exerceu o posto de Mestre de Primeiro Ensino, praza que gañara por oposición co número un da súa promoción e que o conduciría a distintos destinos, o de maior duración na cidade da Coruña. Temos indicios suficientes para pensar que foi un pedagogo preocupado por levar ás aulas algunhas das inquietudes fundamentais do seu tempo e por instruír aos alumnos non só en dominios teóricos senón tamén nos diversos coñecementos prácticos que a vida reclama. A súa vinculación con esperantistas e con membros da Institución Libre de Enseñanza, por unha parte, a súa participación na fundación das Irmandades da Fala, por outra, deixan ver un ánimo aberto, propicio a que o avance cara á modernización das estructuras sociais do país se acelerase debidamente. Este mesmo dato se refrenda coa súa intervención pública desde as páxinas de diversas empresas xornalísticas, tanto de Betanzos (as liberais *La Aspiración* ou *Nueva Era*) como en Santiago de Compostela (onde fundou a revista pedagóxica *El Normalista* e colaborou en *Gaceta de Galicia*, medio así mesmo progresista e liberal).

Pero xa neste tempo comparece outra das dimensións que nos declaran ben a personalidade de Vales Villamarín, a súa moderación. Non foi nunca un home ríxido nin inflexíbel nas súas posicións, que procurou acompasar ao pragmatismo do posíbel ou a outras pautas que agora sería difícil elucidar. Isto pode explicar en parte o seu proceso ideolóxico ata os anos da Segunda República, mesmo a evolución desde posicións liberais antirrexionalistas e antiagraristas á participación na creación da Irmandade da Fala betanceira, que por breve tempo presidiu, situándose a carón dos ideais nacionalistas que naquela hora agromaban por toda Galicia.

Ademais de dedicar moitos esforzos á docencia, Vales tivo tempo para fundar publicacións (as xa mencionadas *El Normalista* ou *Anuario Brigantino*), para a organización de eventos tan controvertidos e dinamizadores como os *Xogos Florais* de Betanzos en 1918 (material poético que talvez podería recuperar este Concello como documento literario dunha certa sensibilidade epocal), para ocuparse en labores de secretario da Condesa de Pardo Bazán nos últimos anos da vida desta, para crear o Museo Pedagóxico Rexional na Coruña no ano 1926 e para participar en distintas e prestixiosas institucións e sociedades de estudio, desde a Academia Nuestra Señora del Rosario ao Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses, o International Research Institute de Estados Unidos, o Museo Pardo Bazán, a Sociedade Martins Sarmiento de Guimarães ou a propia Real Academia Galega, na que Francisco Vales ingresou no ano 1940, cando foi nomeado presidente Manuel Casás, ocupando interinamente o posto de secretario desde 1947 e sendo designado secretario perpetuo dous anos despois.

Fóra destes vínculos e da súa relevante proxección como xornalista ben temperán, a dimensión que sobrancea no quefacer de Vales Villamarín foi sen dúbida a dirixida á historiografía, en particular á historia local de Betanzos e as Mariñas. Non quero cansalos detallando unha relación exhaustiva dos ensaios e artigos que entroncan con esa tarefa, á que temos acceso desde 1991 pola publicación preparada por Alfredo Erias baixo o título de *Vales Villamarín: Lembranza no centenario do seu nacemento*, que editou o Concello de Betanzos. Limitareime a lembrar só algúns dos asuntos principais estudiados polo

noso cronista e historiador, empezando xa polo traballo que en 1931 publicou no *Boletín da Real Academia Galega*, centrado na Confraría da Concepción desta cidade. Logo viñeron investigacións sobre explotacións mineiras, sobre pezas e conxuntos artísticos como o sepulcro de Pérez de Andrade ou o retábulo de Santa María do Azougue, ou sobre determinadas xoias da nosa arquitectura civil e relixiosa, sobre iconografía, xenealoxía e heráldica, sobre os gremios medievais, estudios arqueolóxicos, de xeografía humana, de itinerarios xacobeos, de lingüística e literatura, sobre as relacións históricas e literarias entre Galicia e Portugal, etc.

Francisco Vales Villamarín. Foto do Arquivo Municipal de Betanzos.

Chegados a este punto debemos precisar xa algúns datos sobre o libro que hoxe se presenta, esta *Obra Poética* en dous volumes. O primeiro deles recolle a producción en galego e o segundo a habida en castelán. E neste momento cómpre salientar a fortuna de contarmos co patrocinio do Excmo. Concello de Betanzos e co saber e o rigor filolóxicos de Dª Concepción Delgado Corral, catedrática no Instituto Francisco Aguiar, que continúa nesta entrega súa un labor interesantísimo de pescuda literaria entre os autores naturais de Betanzos e a súa comarca. De feito, esta *Obra Poética* de Vales Villamarín, amplía a nómina aberta polos volumes tamén compilatorios da obra de Manuel Roel e Xesús Calviño de Castro. E hai que destacar que a Concepción Delgado debemos non só o estudio e a indagación que esta clase de libros supoñen de seu, senón tamén a propia ideación e a distribución interna de apartados e series poéticas, algo fundamental que non debe pasar desapercibido para ninguén. Nalgunha medida, pois, á profesora Delgado Corral corresponde a *co-invención* destes volumes, fundamentados en obra dispersa ou inédita de Vales Villamarín.

É tamén obrigado, e moi grato, deixar constancia pública de recoñecemento a dúas persoas que colaboraron activamente na preparación e edición do segundo dos volumes, o da obra en castelán. A Dª María Teresa Amado Rodríguez, profesora do Departamento de Latín e Grego da Universidade de Santiago de Compostela, benquerida compañeira de Facultade, e a D. Alfredo Erias Martínez, actual director dunha das empresas máis estimadas de Vales Villamarín, o *Anuario Brigantino*, director tamén da Biblioteca e Arquivo Municipais e artista plástico, autor ademais nesta *Obra Poética* de varios retratos do

poeta e outras ilustracións que arrequentan o valor do libro. Sei que a Concepción Delgado lle gustará así mesmo que mencione a súa gratitude con outras persoas que colaboraron para que esta publicación fose unha realidade, en particular aquelas que cederon fotografías e debuxos que establecen unha forma de diálogo cos poemas, en especial cos pertencentes ás series «Estampas betanceiras» e a moi breve, só seis poemas, «Xente coñecida».

¿Onde podemos situar as coordenadas da producción poética de Vales Villamarín? ¿Que se pode dicir dese sector da súa obra? Entendo que habería que comezar por recoñecer a diferente orientación da obra escrita en galego e da escrita en castelán. A Dra. Delgado Corral xa deixa ver que isto é así decidíndose por ordenar os textos en dous volumes, e mesmo outorgando distinto peso a un e outro sector. Eu concordo plenamente con ese criterio, e entendo que de toda a obra o máis valioso son as dúas series poéticas que acabo de mencionar, «Xente coñecida» e sobre todo as «Estampas betanceiras». Son poemas breves, como todos os da autoría de Vales, centrados na descrición da realidade histórica, xeográfica, arquitectónica, vital e humana de Betanzos. Cabe sinalar que o poeta duplica aquí o seu labor de historiador e cronista, ofrecéndonos versos que introducen unha mirada e un discurso complementarios dos que son propios da erudición e a investigación académica. En xeral, é no tratamento do soneto onde Vales acada os seus mellores logros. Así o recoñece de novo Concepción Delgado.

Empregando distintos pseudónimos —*Selav*, *Efe*, *Silvano de Leonisa*, acaso *El Caballero Artagnán*— hai unha etapa xuvenil da creación literaria do poeta, moi apegada ao oficio de xornalista. Temos aí unha crónica en verso, de escaso vó lírico pero con moita ensulla á hora de calibrar a vida local e o sistema de referencias éticas e políticas. Son instantáneas que falan dos aconteceres vitais, do pequeno mundo ao que pertencen o periodista e os seus lectores. Procúrase aí a actualidade, tanto na dimensión partidaria ou en xeral política como na que quere retratar o rumbo da civilización occidental. Os costumes, tanto os dignos de encomio como os negativos, cobran presencia. E nese sentido podemos indicar que Vales se abeira a un costumismo amábel, en ocasións con trazos de sainete, outras tirando á facecia humorística, ao apólogo moral, á parodia, ao epigrama ou, en menor medida, a riscos dunha sátira espida. Destaco que comprobándomos de que se rin Vales e os seus lectores non só obtemos un panorama da realidade coeva local senón tamén un autorretrato etopolítico da súa personalidade, que a nós, investigadores culturais, interésanos enormemente. Para que se fagan unha idea desta clase de producción lereilles un romance contra a suciedade e o abandono das rúas locais. É un poema sen título (vol. II, p. 27):

¡Virgen santa! ¡Dios querido!
¡Qué tal está la Ribera!...
Es necesario ser loco
para caminar por ella.
El lodo, en ciertos lugares,
se encuentra de vara y media
y los charcos asquerosos,
¡ay! se cuentan por docenas.
No sé cómo los vecinos
de esa calle tan horrenda
resisten tanta inmundicia

cerca de sus mismas puertas.
Ayer pasé por allí
por ser costumbre ya vieja,
pero, ¡mal rayo me parta!
si esa calle vuelvo a verla.
Es decir, mientras no arreglen
aquellas sucias aceras,
porque yo no quiero andar
con los pies en la cabeza.
¡Oh!, si fuera «concegal»
y tuviera muchas perras...
¡qué bonita iba a quedar
la calle de la Ribera!

Este poema é do ano 1909, e foi publicado no xornal liberal de Betanzos *La Aspiración*. É representativo da poética do autor, ben novo aínda, con menos de vinte anos. Outras veces procurou o riso cómplice a propósito de acontecementos como o paso do Cometa Halley no ano 1910, a prevención de certos moralistas norteamericanos contra o costume de darse bicos, as erratas nos periódicos e as relacións humanas en xeral. Case toda esa obra en castelán é anterior ao 1916 da fundación das Irmandades da Fala. Posteriormente escribiu nesta lingua algúns poemiñas dirixidos a familiares e o breve monólogo dramático «El ilusionista». Pero o punto de inflexión que pode significar o poema inédito «A Pátrea» (vol. I, p. 125), do propio 1916, é indicativo do que sinalo. Nel lense estrofas coma este cuarteto alexandrino:

Escoita, tenro infante, a vos agarimosa,
a fala doce e leda da nosa Pátrea Nai;
escoita os seus arrulos de pomba querendosa;
repara, miña xoya, nas festas que che fai.

Non falta a temática antes apuntada na obra escrita en lingua galega. A profesora Delgado Corral agrupou no sector «Outros poemas» ese tipo de textos. Algúns proceden xa de 1905, pero a maioría pertencen ao segundo decenio do século. Algo que salta a vista é a falta de continuidade na dedicación á escrita poética por parte de Vales Villamarín. Pasamos de poemas escritos en 1916 a outros de 1923, e de aí a outro dos anos corenta, e despois a outro de 1958. En consonancia co cal resulta difícil establecermos as liñas temáticas ou estilísticas predominantes. Tanto nesta miscelánea como na producción escrita en castelán vese moi claramente o que antes salientei: a carencia dun proxecto de intervención como poeta. Francisco Vales escribiu a maior parte destes poemas como divertimento ou como catarse persoal, á marxe das correntes que imperaban na literatura de expresión castelá ou galega; á marxe, por exemplo, das tentacións do modernismo, e alleo, desde logo, a calquera experimentación vangardista. Sinxelamente, non se interesou en subirse ao carrusel da historia literaria. Escribía para consumo propio e para facer partícipes desa experiencia a lectores do íntimo ou, nos primeiros anos, aos camaradas de sensibilidade e grupo políticos.

Querería destacar de todos modos unha liña de preocupación ética e pedagóxica que comparece en poemas como «Lembranza» (p. 131) ou «O sentir dun picariño» (p. 133), ambos inéditos ata hoxe. O primeiro vai referido ao centenario de Pestalozzi, un educador social entre idealista e rousseauniano falecido en 1827 que promoveu un método educativo fundamentado na experiencia sensíbel dos rapaces, marcando así un proceso que fose das intuicións e da realidade empírica ao eido conceptual. O texto homenaxea ao pedagogo con versos como os seguintes:

¡Groria, pois, meus neniños, ben amada semente,
ó xigantesco Xenio, ó esprito máis inxente
da nova Educación!
Xuremos emulalo por ben da nosa Terra
e, como el, á iñorancia decraremo-la guerra
con cívico tesón.

Este poema e o outro mencionado, que xa é dos anos corenta, diríxense, segundo vimos de comprobar, aos nenos, aos nenos da escola de don Francisco, cabe pensar, e por extensión a toda a xuventude do país, movéndoos a actuar na vida con criterios de honradez, nobreza, vontade de coñecemento e traballo, pero ante todo con amor a Galicia e co emprego da lingua galega para calquera mester, tamén, como se di no segundo poema —que hai que subliñar que procede da primeira posguerra—, para falar con Deus.

En función do visto sería ocioso ocuparse de filiacións ou de parentescos literarios. Pensen de calquera xeito que nos primeiros quince anos do século XX, cando Vales asina o groso da súa producción poética, a literatura galega carecía de modelos canónicos á marxe dos logrados polas grandes figuras do noso Rexurdimento, Rosalía, Curros e Pondal. Entre 1900 e 1915 publicáronse só trinta libros de poemas en galego, o que dá unha media de dous por ano. Deles só os de Noriega Varela, Leiras Pulpeiro, Herrera Garrido e Ramón Cabanillas acadaron repercusión pública digna de mención; algo que foi menos doado de conseguir para a producción de Samuel Eiján, Xesús Rodríguez López, Aurelio Ribalta ou López Abente e outros poetas daquela hora. Vales conecta nalgún momento con varios destes escritores, pero a falta de continuidade no seu traballo poético dificulta moito o asentamento de lazos sólidos. Con todo, non deixarei de amosarlles un que parece moi evidente, en concreto coa poética de Curros Enríquez. Refírome ao poema «Paso...» (pp. 121-122), dedicado a enxalzar a chegada do ferrocarril a Galicia. Publicouno no ano 1913 e, desbotada a vertente anticlerical, resulta obvia a pegada do poema de Curros Enríquez «Na chegada a Ourense da primeira locomotora» (1881), incorporado a *Aires da miña terra*. Tal conexión revélase tanto na sucesión metafórica establecida para presentar ao tren (sino do Progreso, enxendro da Ciencia luminosa, monstro de ferro de mil dentes, negro titán...) coma nos escenarios afectados por ese advento feliz (veigas, chousas, soutos, ermidas e pazos da xeografía toda de Galicia).

Polo ano do seu nacemento, 1891, Vales Villamarín pertencería ao núcleo xeracional que Carvalho Calero denominou *postrenacentistas*, onde se agrupan autores conservadores na estética realista, tradicionalistas nos usos métricos e no seu desinterese polo modernismo poético. Para Méndez Ferrín o noso escritor estaría dacabalo entre a

xeración Nós e a xeración do 25. É dicir, entre Risco ou Otero Pedrayo —nacidos en 1884 e 1888, respectivamente— e o grupo de Manuel Antonio, Dieste ou Amado Carballo, nacidos arredor do cambio de século. Pero nada do anterior nos serve en exceso.

Vales Villamarín non chega a intervir na dinámica literaria do momento, como xa se explicou. Nen sequera creo que nel se puidese sinalar un caso de aproximación clara á lírica popular mediante o cultivo de xéneros tradicionais como os alalás, as cántigas, as triadas ou as alboradas. Tampouco predomina a temática ruralista. E a adaptación que elabora da poesía dialogada na liña de Prado *Lameiro* (regueifas, rexoubas e desafíos) acada unha propensión bastante inusual, sobre todo porque procede a unha multiplicación moi interesante das voces que interveñen, en escenas de feiras en particular. Pode verse no poema «Día de feira» (p. 85), obra de 1939. A este mesmo respecto é tamén definitorio o cultivo do soneto.

A serie «Estampas betanceiras» é no meu criterio unha lograda consecución dunha idea poética clara, a de concatenar un feixe de descricións e semblanzas —dezaséis en total— que dan conta da realidade vital e histórica de Betanzos facendo uso prioritario dese metro culto do soneto e remitindo a temática case sempre a ambientes festivos. Esa idea en canto *inventio* vese reforzada nesta edición polo procedemento de poñer en diálogo, moi ao gusto do propio autor, texto e imaxe en écfrase, logrando así unha dialéctica moi trabada do verbal e o visual que ten momentos excelentes. Destacaría poemas como «Día de San Roque» (p. 71), «A volta dos Caneiros» (p. 73), «Día de feira» (p. 85), «Fernán Pérez de Andrade "O Boo"» (p. 87), «Viño aberto» (p. 81) e «O Gamachiño» (p. 93).

Para rematar permitiranme que lles lea os que para min son os dous poemas máis logrados de Francisco Vales. Pertencen ambos a esta serie de «Estampas», se ben proceden de dous momentos distantes da súa xeira como escritor: os anos trinta e os anos oitenta. Un provén dunha madureza aínda xove, pois, e o outro dos últimos anos da longa vida do poeta. O primeiro é «Fernán Pérez de Andrade "O Boo"», que chegaría ao prelo de *El Eco de las Mariñas* no ano 1956. Resalto nel a base rítmica e a enumeración dos valores e os compromisos abrazados polo cabaleiro:

Na ríspida altivez da Leboreiro
—atalaia do seo brigantiño—
cal aguia caudal, fixo alí niño
este esgrevio e famoso cabaleiro.

Mariñán exemplar, sempre o primeiro
na protección e escora do viciño;
sempre a verba amorosa e de aloumiño;
sempre o recto orientar do conselleiro.

Nas loitas pola pose do meu pobo,
puxo ó noso servizo peito ardente
e a braveza sen par dun fero lobo.

Por iso daquel burgo a nobre xente

—humilde ou potentado, vello ou novo—
honrará a súa memoria eternamente.

O segundo poema é «O Gamachiño» e está referido a esa figura diabólico-festiva vinculada ás celebracións coreográficas da Confraría de Mariñeiros de Betanzos. Aquí o ritmo procede da propia acción narrativa, que se mostra cunha mirada que simultanea o apuntamento etnográfico e a inmersión na experiencia dunha antiquísima catarse popular perennemente renovada. A sensibilidade compositiva e o esmero na selección léxica deste soneto, sendo representativos do quefacer poético de Vales en todo tempo, acadan un dos momentos máis logrados da producción enteira do escritor:

Facendo garatuxas, mil acenos,
xurde do fato o inquedo gamachiño,
fiel trasunto dun mouro demachiño
que vén tentar a grandes e pequenos.

Sacode co galleto ou cos cotenos
a quen se lle atravesa no camiño
e arrechégase ás mozas, demansiño,
lembrándolles devasos e rabenos.

Asaña ós danzarís e ó da bandeira
coas súas incordiantes pallasadas,
coa sempre bufonesca brincadeira.

E estala en estrondosas gargalladas
ó bater cos cornechos na moleira
dalgún dos que contemplan as bailadas.

Poemas coma estes, e en xeral a enteira colección «Estampas betanceiras», organizados pola sabedoría crítica e historiográfico-literaria de Concepción Delgado, amparados pola precisión do seu labor filolóxico e pola elegante e pulcra edición lograda por ela mesma, María Teresa Amado e Alfredo Erias, garanten desde hoxe mesmo un lugar na Historia da Literatura Galega para Francisco Vales Villamarín. E iso, créanme, non é pouco.

Moitas gracias pola súa atención.